



CONCELLO DE
OLEIROS

ORDENANZA DO SERVIZO DE ESTACIONAMENTO REGULADO NA VIA PÚBLICA DO CONCELLO DE OLEIROS

Exposición de Motivos

A escaseza de solo dispoñible con destino a aparcadoiro e o aumento do parque automobilístico do municipio de Oleiros principalmente durante os meses de verán, postulan a necesidade de regular un servizo público municipal de estacionamento de vehículos na vía pública e de aprobar a correspondente Ordenanza Reguladora, co fin de conseguir a satisfacción do interese público mediante unha distribución racional e equitativa dos estacionamentos entre todos os usuarios, que repercutirá nunha vantaxe para todos os veciños, sendo como é de competencia municipal a ordenación dos espazos públicos e a do tráfico.

O texto do presente regulamento parte das bases postas pola regulación da ordenación do feito do Tráfico que supuxo a Ordenanza de Mobilidade do Concello de Oleiros, publicada no BOP núm. 49, de 28 de febreiro de 2008, que expresamente recolle no seu artigo 26 a posibilidade de que o Concello estableza medidas de estacionamento limitado co fin de garantir a rotación dos aparcadoiros, podendo establecer distintos tipos de prazas de estacionamento suxeitas ao réxime de estacionamento limitado tanto dende o punto de vista temporal como dende o punto de vista dos vehículos habilitados para o uso das prazas (zona de residentes). Así, o presente texto supón un desenvolvemento do artigo 26 da Ordenanza de Mobilidade.

En consecuencia, e de conformidade co disposto nos Arts. 4.1 a) e 25.2 b) de a Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como en virtude das facultades que confire aos Concellos o artigo 38.4 en relación co 7, 39.2, 53, 65, 70 e 71 do Real Decreto Lexislativo 339/1990 do 2 de marzo, polo que se aproba o Texto Articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, modificado por Lei 19/2001, de 19 de decembro, e por Lei 18/2009, de 23 de novembro, e o Regulamento Xeral de Circulación aprobado por Real Decreto 1428/2003, do 21 de novembro, e a posterior lexislación aplicable en tal sentido, dítase a presente Ordenanza, cuxo contido é o seguinte:

Artigo 1º

Establécese no termo municipal de Oleiros, o servizo de estacionamento regulado de vehículos na vía pública (O.R.A.), cuxa prestación se rixe a través da presente Ordenanza. O establecemento do devandito servizo ten por obxecto ordenar e mellorar o feito do estacionamento de vehículos que como consecuencia do desenvolvemento e incidencia do tráfico rodado se produce nas vías públicas nas que se implante, e nas que se establecen medidas coa finalidade de que o devandito obxectivo se cumpra.

Artigo 2º



CONCELLO DE
OLEIROS

Esta regulación implica a limitación do tempo de estacionamento na vía pública con localización das zonas e o seu ámbito territorial de aplicación, e mediante o aboamento da taxa que no seu caso corresponda.

Artigo 3º

1.- A zonas do municipio que regula este servizo público denomínanse Zonas O.R.A. (Ordenación Reguladora de Aparcadoiro), e as rúas que as integran son as que figuran no Anexo, podendo ser modificadas segundo as necesidades e intereses públicos mediante Decreto de Alcaldía.

2.- Exclúense os espazos reservados para vaos, carga e descarga ás horas sinaladas, estacionamentos de minusválidos, reservas oficiais, paradas de bus e taxi, servizos de urxencia, rúas peonís ou tramos de rúa onde estea prohibido o estacionamento.

3.- A alcaldía poderá establecer rúas onde o estacionamento só estará permitido para aqueles vehículos de titulares que acrediten a residencia nas mesmas ou nas que dispoña a administración, e que aboen o imposto de circulación no municipio. Para estes efectos, sinalará o ámbito de aplicación desta habilitación para aparcar e os titulares de vehículos que se vexan afectados pola medida deberán solicitar que o Concello lles facilite acreditación desta circunstancia para os efectos de depositala visiblemente no vehículo. Esta zona non terá tempo máximo de estacionamento. Todo vehículo estacionado nunha rúa que teña unha limitación que ampare exclusivamente aos residentes e que non teña visible a tarxeta ou documento expedido polo Concello que o habilite para estacionar nese lugar será retirado e denunciado por comisión de infracción administrativa.

4.- A alcaldía para as zonas do Concello cualificadas especialmente pola proliferación de establecementos comerciais, poderá establecer rúas nas que o estacionamento se atope regulado e limitado temporalmente como estacionamento comercial, cunha limitación temporal a 30 minutos, estacionamento de xeito gratuito. O control horario se realizará mediante a colocación no parabrisas por parte do conductor do vehículo dun reloxo no que marque a hora na que comeza o estacionamento. O decreto da alcaldía sinalará a forma na que os conductores poderán obter o reloxo, do que para a súa expedición deberá aboarse a taxa correspondente.

Artigo 4º

O Servizo Público O.R.A. prestarase conforme ao seguinte horario:
Do día 1 de Xuño ata o día 15 de Setembro
De luns a domingos (incluídos festivos)
-De 12:00 a 20:00 horas



CONCELLO DE
OLEIROS

Facúltase á Alcaldía para, mediante decreto, modificar, ampliar ou reducir o devandito período por motivos de interese público.

Artigo 5º

1. -O tempo máximo que un vehículo pode permanecer estacionado en zona O.R.A. non reservada a residentes nin a estacionamento comercial, na mesma vía durante o horario de actividade do Servizo Público é dun día controlado por tócket obtido dos expendedores para o efecto.

Quedan excluídos:

- a) Os vehículos que se encontren incluídos no padrón municipal do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica e a cuxo propietario lle fose concedida a autorización pertinente, de conformidade co previsto nesta Ordenanza.
- b) As motocicletas, ciclos, ciclomotores e bicicletas, que deberán facelo, nas zonas dispostas para eles.
- c) Os vehículos estacionados en zonas reservadas para a súa categoría ou actividade.
- d) Os vehículos nos que se estean a realizar operacións de carga e descarga, en a zona sinalizada a tal fin e dentro do horario marcado.
- e) Os vehículos en servizos oficial, debidamente identificados, propiedade de organismos do Estado, Comunidade Autónoma, Provincia ou Municipio que estean destinados directa e exclusivamente á prestación dos servizos públicos do seu competencia, cando estean a realizar tales servizos así como os de compañías prestadoras de servizos públicos necesarios polo tempo indispensable para realizar o seu labor.
- f) Os vehículos destinados á asistencia sanitaria que pertencen á Seguridade Social ou Cruz Vermella Española e as ambulancias, mentres estean a prestar servizo.
- g) Os vehículos propiedade de minusválidos, cando estean en posesión da correspondente autorización especial que expide a Administración Municipal.
- h) Os auto taxis, cando o conductor estea presente, en prestación de servizos de aluguer.

Artigo 6º

Queda prohibido o estacionamento na zona O.R.A. durante os períodos de tempo regulados no art.4º da presente ordenanza, dos seguintes vehículos:

- a) Camións
- b) Tractores
- c) Autobuses
- d) Remolques



CONCELLO DE
OLEIROS

Artigo 7º

As vías públicas que constitúen a zona de aplicación deste servizo público, serán obxecto da debida sinalización horizontal ou vertical, segundo se determina no Regulamento Xeral de Circulación (R.D. 1428/2003, do 21 de novembro).

Artigo 8º

1.- Co obxecto de garantir o cumprimento da presente Ordenanza, o servizo de estacionamentos regulados de vehículos na vía pública estará dotado dos medios materiais e persoais necesarios, así como cos medios de control que aseguren a eficacia e efectividade do servizo. O citado servizo poderá xestionarse de xeito directo ou indirecto.

2.- O Concello, polos seus propios medios, ou través dos que lle preste o concesionario do servizo, expedirá os documentos que acrediten a autorización dos diferentes estacionamentos que se produzan dentro do horario establecido nas rúas obxecto da prestación do servizo e que poderán ser os seguintes:

a) Tícket horario de aparcadoiro, obtido en máquinas expendedoras instaladas na vía pública, coa introdución de moedas ou outro medio de pagamento, e indicará o día, mes, hora e minutos máximos autorizados de estacionamento e cantidade pagada.

b) Tarxeta de vehículos con distintivo de residentes en zona O.R.A. Neste caso, a tarxeta indicará a zona ou rúas na que se ten a consideración de residente.

c) Reloxo horario de aparcadoiro comercial, consonte ao previsto no artigo 3.4 da presente ordenanza, no que o conductor do vehículo sinale a hora á que comeza o estacionamento.

Artigo 9º

1.- Poderán obter para os seus vehículos turismos a acreditación/autorización de residentes en zona O.R.A, as persoas que o soliciten, teñan o seu domicilio e estean empadroadas dentro da área de aplicación desta ordenanza e que non dispoñan de praza de garaxe apto na zona O.R.A. que lles corresponde.

2.- Os residentes en zona O.R.A terán dereito á obtención dunha tarxeta con validez dun ano natural, por vehículo turismo, sendo os seus requisitos de obtención:

a) Presentación no Rexistro Xeral do Concello ou en calquera dos lugares que establece o artigo 38.4 da Lei 30/1992 do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento



CONCELLO DE OLEIROS

Administrativo Común da correspondente instancia debidamente cuberta á que se acompañará:

- Fotocopia do Permiso de Circulación do vehículo que deberá estar domiciliado, en todo caso, na residencia do solicitante.
- Fotocopia do último recibo do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica.
- Fotocopia do D.N.I.
- Declaración baixo promesa de non dispoñer de praza de garaxe apto na zona O.R.A. que lle corresponde.

3.- Unha vez estimada a instancia, retirárase a tarxeta no departamento correspondente do Concello. A validez da tarxeta computárase por ano natural, que figurará na tarxeta. A tarxeta correspondente deberase levar no parabrisas dianteiro e en lugar visible.

4.- Perderase a condición de residente se estaciona o seu vehículo fóra da zona O.R.A. que corresponde a cada tarxeta debendo, neste caso, aboar a taxa coa limitación de tempo establecida.

5.- Concederáse un máximo de dúas tarxetas por vivenda situada en zona O.R.A. As persoas que soliciten unha tarxeta para un vehículo en anos consecutivos, ata un máximo de cinco anos, deberá achegar á solicitude, unicamente copia do último recibo acreditativo de ter aboado neste municipio o Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica deste. Deberá presentar novamente toda a documentación prevista, cada 5 anos de renovación.

Artigo 10º

Para estacionar dentro das zonas reguladas pola presente Ordenanza deberá exhibirse na parte interior do parabrisas do vehículo, de forma totalmente visible dende o exterior, o ticket expedido por expendedor automático instalado para o efecto na zona onde se efectúe o estacionamento, o reloxo habilitado na zona de estacionamento comercial, que servirán como comprobantes horarios, ou a correspondente tarxeta de residente, especial ou de minusválido.

Artigo 11º

No caso de aviso de denuncia por superar o tempo de estacionamento permitido, sempre que non sexa maior de 1 hora, o usuario poderá anular a tramitación da denuncia mediante a obtención dun segundo ticket especial de 'exceso' no que constará a hora da súa expedición.

Este ticket post-pagado, xunto co primeiro e co aviso de denuncia, serán introducidos na caixa de correo situada ao pé de cada aparato expendedor, ou entregado



CONCELLO DE
OLEIROS

a un Policía Municipal ou Vixiante do Servizo para a posterior anulación do aviso de denuncia.

No caso de ser denunciado por non ter tícket ou este non ser válido, poderá anularse o aviso de denuncia no mesmo día da comisión da infracción ca obtención de un tícket especial de anulación, o cal deberá introducir xunto co aviso de denuncia no parquímetro, ou entregalo ós controladores do servizo. A cantidade a aboar por calquera destes dous conceptos figurará na ordenanza fiscal correspondente.

Artigo 12º

1.- Apreciaranse como infraccións a esta Ordenanza, durante o horario de funcionamento do Servizo, sendo consideradas como infraccións de estacionamento de vehículos en lugar prohibido:

- a) Aparcar en zona regulada sen posesión do título habilitante preceptivo, ou por non colocalo de forma visible no interior do vehículo.
- b) Excederse no tempo autorizado polo título habilitante do estacionamento.
- c) Manipular ou falsificar o título habilitante e/ou utilizar este de forma fraudulenta.
- d) Estacionar de xeito incorrecto na zona regulada de forma que afecte á fluidez ou seguridade da circulación.

2.- As infraccións sinaladas nas letras a) e b) serán sancionadas con multa de 30,00 €. As infraccións sinaladas en c) serán sancionadas con multa de 60,00 €. As infraccións sinaladas en d) serán sancionadas segundo o previsto Ordenanza de Mobilidade do Concello ou normativa que corresponda.

3.- Ademais do sinalado, nas infraccións tipificadas nas letras a) e b), cando se supere o triple do tempo máximo de estacionamento, o vehículo poderá ser inmovilizado ou trasladado ao depósito municipal, sendo os gastos de desinmovilizado, traslado e permanencia en depósito a cargo do infractor.

4.- As infraccións descritas denunciaranse polos axentes da autoridade, podendo en caso de concesión ou prestación externa do servizo, os vixiantes da empresa concesionaria formular denuncia voluntaria que anunciarán documentalmente no parabrisas do vehículo e na que se indicarán os datos deste, así como a presunta infracción cometida. Os vixiantes, unha vez efectuadas as denuncias, deberán ratificalas ante os Axentes da Policía Local, instrutor do procedemento ou autoridade competente.

5.- Poderanse aboar as sancións, de forma voluntaria, directamente pagando o seu importe no propio expendedor de tícket, cunha redución do 50% sobre o nominal de esta no termo de 24 horas dende a imposición da denuncia.



CONCELLO DE
OLEIROS

Artigo 13º

Os membros da Policía Local denunciarán as infraccións non previstas anteriormente que se cometan en zona O.R.A. e que se recollen como tales na Lei de Tráfico e de Seguridade Vial, no Regulamento Xeral de Circulación, na Ordenanza de Mobilidade do Concello e demais normativa en vigor en materia de tráfico e seguridade vial, podendo autorizarse, de ser o caso, aos vixilantes da empresa concesionaria do servizo a formular denuncia voluntaria, por estas infraccións en zona O.R.A., cometidas por vehículos detidos. As infraccións por estes estacionamentos prohibidos serán sancionadas pola Alcaldía con multa, cuxa contía se definirá na normativa que lle sexa de aplicación.

Artigo 14º

Como medida preventiva se procederá mediante o servizo de auto-grúa á inmovilización e, no caso de ser necesario á vista das circunstancias que afecten á necesidade de dispoñer de prazas nese lugar para que outros vehículos estacionen, á retirada e traslado ao depósito municipal dun vehículo cando permaneza estacionado en lugares habilitados pola autoridade municipal de estacionamento con limitación horaria sen colocar o distintivo que o autoriza, ou cando se supere o triple do tempo aboadado conforme ao establecido na Ordenanza Municipal e fose denunciado por algunha das infraccións previstas no artigo 12º desta Ordenanza, causando graves perturbacións a este servizo, todo iso determinado pola necesidade de recuperar, pola autoridade municipal, a libre dispoñibilidade do espazo público indebidamente ocupado, e iso de conformidade co disposto nos artigos 84 e 85 do Real Decreto Legislativo 339/1990 do 2 de marzo, polo que se aproba o Texto Articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e seguridade Vial e demais normativa vixente en materia de tráfico e seguridade vial.

Disposicións Adicionais

Primeira.- A taxa que se xere polo aproveitamento especial do dominio público local derivado do estacionamento dos vehículos de tracción mecánica nas vías públicas se esixirá de conformidade co previsto na correspondente Ordenanza Fiscal.

Segunda.- No non previsto nesta Ordenanza estarase no pertinente ao disposto na normativa sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, así como á Ordenanza de Mobilidade do Concello de Oleiros.

Terceira.- Facúltase á Alcaldía para ditar cantas instrucións sexan precisas para o desenvolvemento da presente Ordenanza.

Disposición Final



CONCELLO DE
OLEIROS

Esta ordenanza entrará en vigor unha vez que se cumpran os trámites de exposición pública e de aprobación definitiva (de ser o caso), transcorra o prazo regulamentario a que se refire o artigo 70.2 en relación co artigo 65.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases do réxime local, e se publique integramente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia.

ANEXO

Zonas O.R.A. (Ordenación Reguladora de Aparcadoiro), para as que para estacionar un vehículo é preciso a obtención do ticket horario de aparcadoiro, obtido en máquinas expendedoras instaladas na vía pública, consonte ao previsto no artigo 8.2.a) da presente Ordenanza:

1. Aparcamento na vía pública situado na marxe dereita da estrada AC 173 (que descorre de Perillo a Mera ao seu paso por Bastiagueiro), Avda de Ernesto che Guevara, a carón das instalacións do INEF Galicia (parcela 456 do polígono 29, municipio 59, provincia 15).
2. Aparcamento en finca de titularidade municipal situado na marxe esquerda da estrada AC 173 (que descorre de Perillo a Mera ao seu paso por Bastiagueiro), na rúa das Anguías número 9, con número de referencia catastral: 1590812NH5818N.